

#HoxeEscriboEn_Mocidade

Microrrelatos premiados

CATEGORÍA C: Alumnado de Formación Profesional e Ciclos Formativos de Grao Medio e Superior

Microrrelato premiado: No teu batel, abalar

Autor: María Tubío Boo

Centro de ensino: FESAN, Centro Privado de Formación Profesional
FESAN, Santiago de Compostela.

No teu batel, abalar

“Virxe da Barca
bendita, levaime no
teu batel,
que o mundo é mar de
tristura, e ti es porto de ben”

Recordo a espuma e o vento baticando ao lonxe; recordo as ondas do mar e os meus pés descalzos pisando o chan que un día chamei fogar. Estando alí de pé, o perfume de mamá transpórtame a unha vida máis sinxela, a unha vida dun rapaz que vive de bicos e de contos. Cando as cores laranxas inundan a virxe, os meus dedos poden sentir de novo aquelas pedras baixo terra, as gaibotas voando no ceo e as estrelas asomando para guiar aos pesqueiros mar adentro. Non podo sentir frío, nin medo nin fatiga, e a luz da lúa ilumina agora a silueta do santuario.

—Mariel, non corras tanto!— a voz dunha muller devólveme lentamente do letargo.

Diante da porta, unha rapaza corre inqueda hacia o altar.

—Axiña, axiña! Vainos pechar a igrexa!

Polo buraco dunha fiestra, podo ver como colle do seu peto unha pedra do tamaño dunha castaña. Moi queda e sen que ninguén a escoite, acaricia cos seus beizos a súa superficie, e cas súas palabras, a miña alma.

—Quero que papá volva á casa, que leva xa demasiados meses no mar...

A nai, sentada na primeira fila de bancos, ten a vista posta na imaxe da virxe cos ollos cansados de chorar.



Deputación
DA CORUÑA



— ANIVERSARIO 1845•2025

BIBLIOTECA
PROVINCIAL
DA DEPUTACIÓN
DA CORUÑA

#HoxeEscriboEn_Mocidade

Microrrelatos premiados

CATEGORÍA C: Alumnado de Formación Profesional e Ciclos Formativos de Grao Medio e Superior

Microrrelato premiado: No teu batel, abalar

Autor: María Tubío Boo

Centro de ensino: FESAN, Centro Privado de Formación Profesional FESAN, Santiago de Compostela.

No teu batel, abalar (continuación)

Decenas de pequenas embarcacións protexen aquel lugar, e centos de candeas iluminan cada día o seu eterno navegar.

Eu estou sentado no escalón, ca mirada fixa na pedra. No momento que a coloca xunto a unha fotografía dun home sorrindo, dirixo a miña man hacia ela. A pedra móvese un par de centímetros, e por un instante as nosas miradas coinciden. A fotografía vai parar ao chan e a nena cae cara atrás.

—Mamá, ese home moveu a pedra!

O dedo de Mariel sinalaba a fotografía, descansando sobre o frío mármore. A nai levántase quedamente, sin falar nin escoitar, collendo a súa pequena da man. Así, xuntas abandonan aquel solitario lugar.

Véxoas marchar cos meus pés apoiados no mar e susurro no vento o meu eterno cantar. Pequenas luces brancas asoman conmigo sobre as ondas.

Hoxe síntome feliz de saber que aquel home non morrerá no mar.

"Fomos ficando
sos
o Mar o barco e mais
nós"

SOS (Manuel Antonio, De catro a catro)



Deputación
DA CORUÑA



BIBLIOTECA
PROVINCIAL
DA DEPUTACIÓN
DA CORUÑA